

## Idiomas e niveis que imparte o centro asociado UNED A Coruña

Inglés. Niveis: A1, A2, B1 y B2

### Que é o CUID

É Centro Universitario de Idiomas a Distancia da UNED.

A finalidade do CUID é promover a aprendizaxe das linguas españolas cooficiais e idiomas estranxeiros.

Estas ensinanzas impártense como títulos propios da Universidade a través dos centros asociados que colaboran co CUID.

### Prazos de matrícula

Por Internet: do 4 de setembro ao **Ampliase o prazo ata o 8 de novembro**

Apoio no centro asociado UNED A Coruña para a matriculación.

O prazo de anulación e modificación da matrícula será ata o 10 de novembro 2013.

### Poderán matricularse en el CUID

- ✓ Poderán matricularse no CUID os españois e estranxeiros que teñan cumprimentados os 18 anos ou que os cumpran antes do día 31 de agosto de 2014.
- ✓ Non se require titulación académica ningunha.
- ✓ Os estudantes poderán matricularse no curso que consideren oportuno procurando que se axuste o máis posible aos seus coñecementos reais do idioma.
- ✓ Para establecer o nivel deben realizar unha proba de auto corrección que encontrarán na páxina do CUID e que os situará no nivel máis acorde cos seus coñecementos.
- ✓ Aqueles estudantes que así o desexen poderán volver matricularse en cursos que xa aprobasen con anterioridade co obxecto de actualizar os seus coñecementos.
- ✓ Os cursos comezan en novembro e finalizan en maio.
- ✓ As avaliacións teñen lugar en dúas convocatorias por ano, unha ordinaria -maio e xuño- e outra extraordinaria -setembro-, e constan de dúas probas, unha escrita e outra oral.

**Información** do CUID en sede central, [www.uned.es](http://www.uned.es), No centro asociado A Coruña, [www.acoruna.uned.es](http://www.acoruna.uned.es), no teléfono 981 14 50 51 ou través do correo electrónico [info@a-coruna.uned.es](mailto:info@a-coruna.uned.es).

### Recoñecemento dos niveis A2 e B1 polo Ministerio de Educación

- ✓ Os que aproben, o nivel A2 ou o nivel B1, poderán solicitar matricularse directamente no seguinte nivel - B1 no caso dos que aproben o A2 ou B2 no caso dos que aproben o B1- do mesmo idioma en calquera Escola Oficial de Idiomas.
- ✓ Recoñécense créditos para os concursos de traslado e oposicións a profesores que aprobaron cursos de idiomas no CUID.

### Material para preparar a materia

Libraría do centro asociado na Coruña, tel. 981 14 59 58 ou ben acceder á páxina web [www.acoruna.uned.es](http://www.acoruna.uned.es), servizo de libraría.

Libraría virtual da UNED, [www.uned.es](http://www.uned.es).

## Cómo se pode estudar para a Modalidade semipresencial.

- Acceso a titorías presenciais no centro asociado na Coruña
- Os materiais didácticos están pensados para a aprendizaxe autónoma en distintos soportes: impreso e multimedia
- Espazos de traballo colaborador
- Comunicacóns telemáticas no espazo virtual da UNED

Os **materiais didácticos** para a aprendizaxe autónoma están dispoñibles en soporte imprimido para todos os idiomas, son libros, cadernos de traballo ou material audiovisual. Estes materiais básicos, cuxo uso recomenda o CUID aos seus alumnos nos distintos programas e cursos que se imparten, foron elaborados por equipos docentes da Universidade, nuns casos, e en coedición da UNED con distintas Editoriais, noutros.

Os **medios tecnolóxicos** que o CUID pon a disposición dos estudantes están pensados para mellorar a calidade da ensino-aprendizaxe de linguas, pero o seu uso non ten carácter obrigatorio para o alumno. Trátase de contidos de apoio, actividades didácticas, exercicios diversos de autocorrección e espazos de comunicación entre alumnos e profesores. Este conxunto de recursos, de grande utilidade para o estudante que decida empregarlos, o CUID proporciona gratuítoamente a través do espazo virtual da UNED e das aulas telemáticas do centros asociado na Coruña.

As **titorías presenciais** organizaas o centro asociado na Coruña. Trátase de titorías de apoio para grupos que oscilan entre 12 e 25 alumnos, cunha duración mínima de 2 horas semanais. O centro poden reducir razoablemente as horas de titorías, se o grupo é inferior a 12 alumnos.

Ademais das titorías, o centro asociado dispón de **aulas telemáticas** con ordenadores multimedia conectados a Internet. Dende estas aulas, os alumnos do CUID poderán acceder aos espazos de teleformación, aulas virtuais.

## Cómo se pode estudar para Modalidade virtual ou non presencial.

- ✓ Non teñen acceso a titorías no centro asociado.
- ✓ Recibirán unicamente un ensino virtual e a distancia.
- ✓ Esta matrícula realizarase a través do "Centro CUID" directamente, [www.uned.es](http://www.uned.es), en lugar da través do centro asociado A Coruña, como é habitual na matrícula normal.
- ✓ Os estudantes só acudirán ao centro asociado para a realización os exames.
- ✓ Os prazos de matrícula e realización de probas serán os mesmos que os da convocatoria ordinaria do curso académico do CUID.
- ✓ Só para inglés nos niveis: A1, A2, B1, e B2.

## Recoñecemento de créditos para estudos en Facultades da UNED

- Os estudantes poderán obter recoñecemento académico de créditos para os estudos de Grao da UNED:
- Nivel A2: 1 crédito ECTS por nivel e lingua.
- Nivel B1, B2, C1 e C2: 2 créditos ECTS por cada nivel e lingua.
- Non será obxecto de recoñecemento de crédito o nivel A1.
- Para Licenciaturas, Diplomaturas e Enxeñarías de plans antigos, a UNED concede 4 créditos de libre configuración a cada un destes Diplomas a partir do nivel intermedio B1, cun máximo de oito créditos acumulables. O nivel básico A2 recibirá 2 créditos.

**PRECIOS PÚBLICOS CUID SEMIPRESENCIAL**

**PRECIOS PÚBLICOS CUID NON PRESENCIAL**

Matrícula ordinaria	325 €
Estudiantes UNED	217 €
Estudiantes CUID a partir da segunda matrícula no mesmo Curso académico	217 €
PAS UNED	217 €
Persoal Docente e Investigador e FPI -UNED	217 €
Profesores-titores	217 €
PAS dos Centros Asociados	217 €
Cónxuxes e fillos menores de 25 anos do Pas UNED, do persoal docente e investigador, dos profesores tutores e do persoal de administración e servizos dos Centros Asociados.	217 €
Persoal Fundación UNED	217 €
Familia Numerosa Categoría Xeral	75 %
Familia Numerosa Categoría Especial	50 %

Matrícula ordinaria	186 €
Estudiantes UNED	124 €
Estudiantes CUID a partir da segunda matrícula no mesmo Curso académico	124 €
PAS UNED	124 €
Persoal Docente e Investigador e FPI -UNED	124 €
Profesores-titores	124 €
PAS dos Centros Asociados	124 €
Cónxuxes e fillos menores de 25 anos do Pas UNED, do persoal docente e investigador, dos profesores tutores e do persoal de administración e servizos dos Centros Asociados.	124 €
Personal Fundación UNED	124 €
Familia Numerosa Categoría Xeral	75 %
Familia Numerosa Categoría Especial	50 %

- ✓ Os estudantes que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior o 33% terán unha única matrícula gratuíta por curso académico. Cando se matriculen por segunda vez do mesmo idioma e nivel aboarán o importe habitual do prezo de matrícula. Excepcionalmente, cando estudantes que repitan idioma e nivel por razóns da súa rehabilitación médico-funcional ou pola natureza dexenerativa da súa minusvalidez poderán solicitar na seguinte convocatoria a plena exención do pagamento de prezos públicos. A solicitude, debidamente documentada, deberá ser cursada ante o Vicerrectorado de Formación Permanente.
- ✓ Considerando os Convenios de Colaboración entre a UNED e os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado: Exércitos, Policía Nacional e Garda Civil e ademais Persoal de Institucións Penitenciarias, que os estudantes destes colectivos teñan o recoñecemento de equivalencia como estudantes UNED, para os efectos da matrícula de idiomas no CUID, para o Curso 2013/2014
- ✓ Recoñecer os alumnos que integran a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da UNED o mesmo prezo de estudantes UNED da matrícula do CUID ordinaria.
- ✓ \* Todos os supostos deberán acreditarse coa documentación pertinente en cada caso.